

NOVAS CITAS DE *LYSURUS CRUCIATUS* (LEPR. ET MONT.) LLOYD PARA O NOROESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA

por
O. REQUEJO*

*

REQUEJO, O. 2013. Novas citas de *Lysurus cruciatus* (Lepr. et Mont.) Lloyd para o noroeste da Península Ibérica. *Mykes* 16: 7-11.

RESUMO:

Descríbese macro e microscópicamente o taxón *Lysurus cruciatus* (Lepr. et Mont.) Lloyd, un fungo pouco común atopado outra vez en Galicia (N.O. da Península Ibérica).

Palabras clave: *Lysurus*, *Phallaceae*, *Basidiomycota*, Galicia, Península Ibérica.

REQUEJO, O. 2013. New collections of *Lysurus cruciatus* (Lepr. et Mont.) Lloyd for the northwest of the iberian peninsula. *Mykes* 16: 7-11.

SUMMARY:

Lysurus cruciatus (Lepr. et Mont.) Lloyd a rare fungi found again in Galicia (N.W. of iberian peninsula) is described macro and microscopically.

Key words: *Lysurus*, *Phallaceae*, *Basidiomycota*, Galicia, iberian peninsula.

INTRODUCCIÓN

Trala recente publicación dun estudo sobre a familia *Phallaceae* Corda (REQUEJO, 2010), observamos que esta familia está bastante ben representada en Galicia, aínda que ao revisar os datos corolóxicos dalgunha das especies coma *Lysurus cruciatus* (Lepr. et Mont.) Lloyd, surxíanos a dúbida de si seguiría presente en Galicia, xa que unicamente

San Xurxo, A Laxe nº12B, Salceda de Caselas E-36473-Pontevedra. e-mail: oscarequejo@hotmail.com

Membro do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire

contaba con dúas citas bastante antigas que nos remitían a década dos oitenta. No presente traballo disipamos esa dubida, describindo novas recoleccións e aportando así novos datos sobre a distribución desta exótica especie na Península Ibérica.

METODOLOXÍA

Tanto a metodoloxía seguida nesta investigación como as claves para a identificación estiveron baseadas na obra de CALONGE (1998). O estudo microscópico realizouse hidratando as mostras con hidróxido potásico (KOH 10%) e observándoas cun microscopio Nikon YSI00, con obxetivos de 40 e 100X, este último en inmersión. A colección MA-Fungi 81396, foi fotografada *in situ*, onde ademais se tomaron notas dos caracteres organolépticos e ecolóxicos. O material foi posteriormente deshidratado cun convector de aire. A colección REQ-Fungi 448, foi recibida xa deshidratada polo que unicamente se fixo a análise microscópica, a macroscopía foi feita en base a fotografías e notas do recolector. As *exsiccata* están depositadas no herbario MA-Fungi do Real Jardín Botánico (CSIC) e no herbario persoal do autor (REQ-Fungi).

DESCRICIÓN DO TAXÓN

***Lysurus cruciatus* (Lepr. et Mont.) Lloyd**, *Synops. Known Phall.*: 40. 1909

Macroscopía: En estado de primordio móstrase coma un ovo branco de non mais de 30 mm, composto por un exoperidio membranoso de cor branco e un endoperidio xelatinoso de cor branco amarelento a ocre, con dúas raias brancas transversais. Na madurez desenvolve un estipe cilíndrico de 50-60 mm, de cor branco ou avermellado e textura esponxosa, en cuxo ápice atopamos o receptáculo, este está ramificado en cinco pequenos cornos de cor branca ou avermellada, acanalados lonxitudinalmente, e que teñen aspecto de pinza de cangrexo debido ás rugosidades que mostra no seu interior. A gleba está situada no interior dos cornos e é de cor negro con leves reflexos verdes. Cheiro moi desagradable, como a podremia.

Microscopía: Esporas de 4-4,5 x 1,5-2 µm, cilíndricas a baciliformes, lisas hialinas.

Material estudado: Pontevedra (Po), Salceda de Caselas, Picoña, 29TNG3662, 69 m, entre a herba sobre polas enterradas, 4-XI-2011, O.Requejo, MA-Fungi 81396; Tui, entre a herba, 28-VIII-2012, M.Garea Castro, REQ-Fungi 448.



Fig. 1. *Lysurus cruciatus*, basidioma (MA-Fungi 81396).

Observacións:

Os exemplares estudados non deixan lugar a dúbidas e coinciden plenamente coas descrições de DRING (1980), neles observamos a variabilidade na súa coloración xa que a mostra de Salceda de Caselas é completamente branca co que coincidiría coa descrición de CALONGE (1998), e a de Tui avermellada, posibilidade que tamén indica CALONGE (1999). En Galicia as citas atopadas remóntanse ao ano 1979, erroneamente citado como *Lysurus gardneri* Berk (GARCÍA ROLLÁN, 1980) e ao ano 1984 (CASTRO et al., 1993).

Como especies próximas presentes na Península Ibérica atopamos a *Lysurus mokusin* (L.) Fr., moi rara en Europa e con escasas citas no territorio ibérico (MARTÍN et VIDAL, 1991; IGLESIAS et al., 2009); *Lysurus cruciatus* var. *nanus* Calonge et Marcos una variedade do *L. cruciatus* descrita a partires de material ibérico (CALONGE et MARCOS, 1992) e *Lysurus gardneri* Berk. confundida en repetidas ocasións ao longo da historia coa especie aquí estudada (CALONGE, 1985).

Seguindo traballos de SARASINI con *Phallales*, *L. cruciatus* podería ser unha especie de transición na evolución dende o xénero *Clathrus* ao *Phallus* (SARASINI, 1992a, 1992b).

Finalmente, confírmase que este taxón segue presente en Galicia e analizando as citas bibliográficas, observamos que a pesares de ser unha especie alóctona (DRING, 1980) non a poderíamos clasificar como invasora, xa que non mostra condutas similares as de outros fungos sospeitosos que na actualidade están sendo investigados como tales (SARRIONANDIA et al., 2011). Así mesmo esta especie atopámola citada na Lista Vermella preliminar para Galicia (CASTRO et al., 2012).



Fig. 2. *Lysurus cruciatus* detalle do receptáculo (MA-Fungi 81396).

AGRADECEMENTOS

Agradecer aos socios de A Zarrota, Manuel Garea Castro e Alfonso Rey Pazos, a amable cesión do material procedente de Tui. Agradecer tamén ao Dr. F.D. Calonge polos comentarios sobre esta especie e a bibliografía aportada.

BIBLIOGRAFÍA

- CALONGE, F.D. 1985. El orden *Phallales* (Gasteromycetes) en España. I. *Phallaceae* y *Clathraceae*. *Bol. Soc. Micol. Castellana* 10: 59-72.
- CALONGE, F.D. 1998. Flora Mycologica Iberica, vol. 3. Gasteromycetes, I. *Lycoperdales*, *Nidulariales*, *Phallales*, *Sclerodermatales*, *Tulostomatales*. Eds. Real Jardín Botánico de Madrid, C.S.I.C. & J.Cramer.
- CALONGE, F.D. 1999. *Setas de Madrid (y alrededores)*. Gasteromycetes. Sociedad Micológica de Madrid ed. Madrid.
- CALONGE, F.D. et MARCOS, B. 1992. Una variedad nueva de *Lysurus cruciatus* (Lepr. & Mont.) Lloyd. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 16: 155-157.
- CASTRO, M.L., BLANCO-DIOS, J.B. et REQUEJO, O. 2012. Micobiota de Galicia: conservación de especies e proposta de lista vermella. *Mykes* 13: 7-32. [2010]
- CASTRO, M.L., FREIRE, L. et CALONGE, F.D. 1993. Catálogo provisional de los Gasteromycetes de Galicia (España). *Bol. Soc. Micol. Madrid* 18: 87-104.
- DRING, D.M. 1980. Contributions towards a rational arrangement of the *Clathraceae*. *Kew Bull.* 35: 1-96.
- GARCÍA ROLLÁN, M. 1980. *Lysurus gardneri* Berk.: un hongo raro en España. *Bol. Soc. Micol. Castellana* 5: 75-77.
- IGLESIAS, P., HIDALGO, F., FERNANDEZ VICENTE, J. et UNDAGOITIA, J. 2009. Adicciones al catálogo micológico de la isla de La Palma. *Errorari* 6: 91-118.
- MARTÍN, M.P. et VIDAL, J.M. 1991. Aportación al catálogo de los Gasteromycetes de Cataluña. *Butl. Soc. Catalana Micol.* 14-15: 195-204.
- REQUEJO, O. 2010. Estudo da familia *Phallaceae* Corda (*Basidiomycota*, *Fungi*) en Galicia (N.O. da Península Ibérica). *Mykes* 12: 15-27. [2009]
- SARASINI, M. 1992a. Appunti sull'ordine *Phallales* -1ª parte: caratteri generali dell'ordine; famiglia *Phallaceae*. *Rivista Micol.* 35(1): 33-42.
- SARASINI, M. 1992b. Appunti sull'ordine *Phallales* -2ª parte: famiglia *Clathraceae*. *Rivista Micol.* 35(2): 99-108.
- SARRIONANDIA, E., ABREGO, N., PICÓN, R., OLARIAGA, I. et SALCEDO, I. 2011. Distribución de la especie alóctona *Clathrus archeri* en el País Vasco: de casual a invasora? *Zizak* 7: 7-18.